



Non hai carne coma a de cocho  
nin pescado com´ rebalo,  
/:nin burato com´ á cona:/  
nin tapón com´ ó carallo.  
Trai la la la...

Unha vella por fodere  
subiuse a un campanario  
meteu o valao na cona  
pensando que era o carallo.

/:Non teñas tanta fachenda,  
na túa casa no hai tanta:/  
com-lo caldo sin ghraxa  
dormes na cama sin manta.

Para cuñas pau de toxo,  
para mangos de carballo,  
/:pa unha rapaza bonita:/  
a cabezalla do carro.  
Trai la la la...

Non teñas tanta pachenda  
nin botes tanto por ela,  
anque tela casa ghrande  
paga-la renda por ela.

March d´aí dentes de angazo,  
queixadas da miña besta,  
/:qu´aunque te leven os demos:/  
non lle contestas a esta.  
Ai la la la...

Quén me dera unha pluma,  
quén me dera un plumal-e,  
quén me dera os teus narices  
metidos no cu do can-he.

Esa que ti dis agora  
eu logho cha repenico,  
/:caghareiche nesa boca:/,  
mexareiche nese bico.  
Trai la la la...



Esa qu´dixeches aghora  
inda lle faltan palabras,  
teño unha cabra na corte,  
vaill´apañalas caghallas.

Sobinte por unha liña,  
baixeite por un cordón-he,  
énchoch´a boca de merda,  
tápocha cun caghallón-he.  
Trai la la la...

Sobinte por unha liña,  
baixeite por unha palla,  
enchinch´a boca de merda,  
tapeicha cunha caghalla.

Tieneste por mucho mozo  
abofé, como té engañas,  
partes un cobo d´abellas  
todo cuberto d´arañas.

Tieneste por mucha cosa  
y por mucha convenencia,  
ahora te vas quedando  
a la luna de luna de Valencia.

Non teñas tanta fachenda  
con esa túa dianteira,  
/:que a tes mais apalpada:/  
cós fighos dunha figheira.  
Trai la la la...

Non teñas tanta pachenda  
con ese ghorro peludo,  
que cho fixo túa nai  
dos quillós do voso burro.

Non teñas tanta pachenda  
con esa ghorra patela,  
que cha fixo túa nai  
do coiro dunha cadela.

Ese pandeiro que toca  
é do coiro dun castrón-he,  
inda onte comeu herbas,  
hoxe toca un batallón-he.



Esa pandeira que toca  
é do coiro dunha ovella,  
/:inda onte paceu herbas:/,  
hoxe toca que rabea.  
Ai la la la...

/:Vouche dala despedida  
como Dios nos dou en Roma:/  
se nos volvemos a ver  
mala centella te coma.

Vouche dala despedida  
pero non é de marchar-e.  
voulle dala pandeireta  
i-a quen a sepa tocar-e.

/:Traime esa corda do ghando:/  
pa prender a catro burros  
que están darredor mirando.

Una mujer sube al cielo  
para joder con Dios-e  
/:pero San Pedro como é chulo:/  
doulle polo cu aos dous-e.  
Ai lara la la...

Na miña vida tal vin-he  
na sombrina dun castaño  
catro rapaciños novos  
dábanlle brillo ó carallo.

Eu caseime por un ano  
por saber que vida i-era,  
o ano estas´acabando  
solteiriña quen me dera.

Miña nai, miña naiña  
como miña nai ningunha  
acalent´á miña cara  
i-o calorciño da súa.

Cando neusei que tiña  
para meu lindo reghalo  
que inda que non o conozo

...



Aquí morremos cantando  
porque llorando nací-e,  
neste mundo se acabaron  
los amores para mi-e.

Vai, vai que te lev´o demo  
/:á porta de túa nai (x3):/,  
vai, vai que te lev´o demo  
vai, vai que te vai levar.

Miña nai por me casar-e  
e meu pai por darm´un dote  
houb´unha riña na casa  
parteu o testo dun pote.

Vai, vai que te lev´o demo  
vai, vai que te vai levar,  
vai, vai que te lev´o demo  
/:á porta de túa nai (x3):/,  
vai, vai que te lev´o demo  
vai, vai que te vai levar.

/:Anduvechest´alabando  
que te quería y te quiero:/  
ahora te alabarás  
que te quería y te diejo.

Vai, vai que te lev´o demo  
vai, vai que te vai levar,  
vai, vai que te lev´o demo  
/:á porta de túa nai (x3):/,  
vai, vai que te lev´o demo  
vai, vai que te vai levar.

/:Teñ´unha ghaliña blanca  
que me veu de Redondela:/  
e o ghalo de Rafaiel  
dorme por derriba dela.

Vai, vai que te lev´o demo  
vai, vai que te vai levar,  
vai, vai que te lev´o demo  
/:á porta de túa nai (x3):/,  
vai, vai que te lev´o demo  
vai, vai que te vai levar.



Dam' o que che pido, nena,  
que non che pido la vida,  
da cintura para baixo,  
de rodilla para riba.